



#MILMILLÓNSDEVOCES

FINANCIACIÓN E RESPOSTA Á EDUCACIÓN EN EMERXENCIAS: A IMPORTANCIA DO PERSOAL DOCENTE

Unha chamada á acción para garantir unha educación transformadora, inclusiva, equitativa e de calidade e oportunidades de aprendizaxe permanente

A educación está en crise. A campaña #MilMillonesDeVoces, liderada pola Campaña Mundial pola Educación (CME), arrincou en 2021 co obxecto de abordar urxentemente a crise educativa global que a pandemia do COVID-19 agravou nos últimos dous anos e que está a impedir que millóns de nenos, nenas e mozas accedan a unha educación de calidade transformadora, inclusiva e equitativa..

O COVID-19 provocou **a maior interrupción da educación na historia**, cun impacto en alumnado e profesorado de todo o mundo. Pero ademais o COVID-19 ten amplificado outras crises globais: a violencia, as emerxencias, os desprazamentos forzados, os desastres e os conflitos. Como o actual en Ucraína, que está a causar mortes e convertendo a millóns de persoas en desprazadas e refuxiadas, e que vén a sumar a unha lista de crise que seguen expulsando a persoas das súas comunidades: Siria, Afganistán, Sudán do Sur, República Democrática do Congo...por mencionar algúns..(1)

Os contextos de crises adoitan ser complexos e están interconectados. Moitas destas situacións acaban sendo crises prolongadas e cíclicas que afectan especialmente os colectivos máis vulnerables: nenas e mulleres novas, familias con baixos ingresos, nenos, nenas e mozas que viven sen os seus pais ou cuidadores, en zonas rurais ou sen acceso á atención sanitaria, persoas refuxiadas, con discapacidade, etc.

Antes da pandemia da COVID-19, 127 millóns de nenas, nenos e mozos en idade escolar primaria e secundaria que vivían en países afectados por crises estaban sen escolarizar. (2) Prevese que 24 millóns de nenos e nenas máis abandonen a escola debido á COVID-19. (3)

A situación das nenas é particularmente complicada: 11 millóns poderían non volver á escola nos países en maior desvantaxe. En España, os peches escolares tamén agravaron desigualdades, poñendo en maior risco aos nenos, nenas e mozos máis vulnerables, e evidenciado a fenda dixital existente. Entre os fogares españois máis dunha de cada catro vivendas en situación de pobreza non dispón de ningunha clase de computador.

A educación é un dereito humano fundamental. A realización do dereito á educación está vinculada a unha vida mellor para todas as persoas, non só en termos de coñecementos e habilidades, senón tamén como un espazo seguro e protector. Canto máis tempo transcorre sen que as persoas teñan acceso á educación, e en situación de exclusión socioeconómica e política, menos probabilidades teñen de volver ao sistema educativo. **Por tanto, a educación en contextos de emerxencia debe ser unha prioridade na resposta a todo tipo de crise.**

(1) UNHCR

(2) [Red Interagencial para la Educación en Situaciones de Emergencia \(INEE\), \(2020\). 20 años de INEE: Logros y Desafíos en la Educación en Situaciones de Emergencia. Nueva York, NY.](#)

(3) [Declaraciones de Henrietta Fore, Directora Ejecutiva de UNICEF, en una conferencia de prensa sobre las nuevas orientaciones actualizadas acerca de las medidas de salud pública relacionadas con la escuela en el contexto de COVID-19, comunicado de prensa de UNICEF.](#)

Para todo iso, os e as docentes son fundamentais. Están en primeira liña para garantir a continuidade da aprendizaxe, proporcionando apoio socioemocional. Ademais, adáptanse a novas ferramentas para o ensino a distancia ou en condicións adversas. Con todo, en moitos países, as e os docentes con contratos temporais, substitucións e de soporte educativo corren o risco de ver os seus contratos finalizados. **O déficit de profesores e profesoras** ben cualificados e dignamente remunerados non deixa de crecer, e en consecuencia, as taxas de ratio alumnado-profesorado.

Só en África subsahariana, necesítanse 15 millóns máis de profesores e profesoras para garantir a educación de calidade. Superar estes retos require un compromiso audaz, innovación e investimento a fin de dispoñer de máis docentes e ofrecer oportunidades de formación continua e actualización profesional.

Neste sentido, os Estados deben cumprir os seus compromisos adquiridos nos acordos internacionais, como a Axenda 2030 e o Marco para a acción 2030 de Incheon, para protexer o progreso realizado cara ao logro do ODS 4 e “garantir que o profesorado estea empoderado, a súa contratación e remuneración sexa adecuada, estea motivado, posúa cualificación profesional, e reciba apoio no marco de sistemas ben dotados de recursos suficientes, eficaces e administrados de maneira efectiva”. (4)

Por esta razón, desde o(nome do centro, organización) adherímonos á campaña **#MilMillonesDeVoces** da Coalición Española da Campaña Mundial pola Educación e solicitamos ás administracións competentes:

- 1 Dar prioridade á educación na cooperación española e avanzar decididamente cara ao obxectivo de destinar o 0,7% da RNB á AOD, garantindo que un 20% da mesma destínese a educación.
- 2 Incrementar o compromiso coa educación en situacións de emerxencia e destinar o 10% da AOD á axuda humanitaria e un 10% da mesma a educación.
- 3 Apostar decididamente pola Educación para a Cidadanía Global, coa meta de dedicarlle polo menos un 3% da AOD total.
- 4 Mellorar a atención, retribución, formación e recoñecemento do profesorado, especialmente no contexto de esforzo acumulado tras dous anos de pandemia de COVID-19, sen quen non poderá garantirse unha educación de calidade equitativa e inclusiva, e poñelos no centro das políticas para saír da crise educativa.

E no ámbito educativo en España:

- 5 Focalizar os necesarios incrementos no orzamento educativo e de acción social, prioritariamente cara a aqueles colectivos máis vulnerables nas crises.



- 6 Promover a inclusión equitativa e sostible nos sistemas educativos nacionais das persoas refuxiadas, solicitantes de asilo, repatriadas, apátridas e desprazadas sen discriminación algunha, facilitando a contratación de docentes e persoal de apoio psicosocial.
- 7 Aumentar os recursos internos dispoñibles para a educación e outros servizos públicos a través da reforma fiscal.

